

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Capítulo:	
Epígrafe:	

SUMARIO:

ORDE do de xuño de 2020 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2020-2021.

TEXTO:

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa comunidade autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, consonte os preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no seu artigo 2.

No marco destas competencias, a Consellería de Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, co propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns e das cidadás, persegue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional o de dar unha resposta puntual e axeitada ás necesidades de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 5.1º que todas as persoas deben ter a posibilidade de se formar ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar os seus coñecementos, así como as súas capacidades, habilidades, aptitudes e competencias, para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Ademais, o artigo 5.2 establece que o sistema educativo ten como principio propiciar a educación permanente. Para tal efecto, debe preparar o alumnado para aprender por si mesmo e débelle facilitar ás persoas adultas a súa incorporación ás ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe coas outras responsabilidades e actividades.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. A lei establece como un dos fins do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional o de promover unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada aos seus destinatarios, consonte as necesidades de cualificación do mercado laboral e as expectativas persoais de promoción profesional.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia establece no capítulo V as vías para obtención dos títulos de formación profesional e os réximes e modalidades das ofertas de formación profesional.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no artigo 5 que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adecuará as ensinanzas de formación profesional ás peculiaridades e características das persoas adultas.

O Fondo Social Europeo poderá cofinanciar nun 80 % os ciclos formativos de grao medio, no marco do Programa operativo FSE 2014-2020 Galicia, obxectivo temático OT10, “ investir na educación, formación e formación profesional para adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente” prioridade de investimento 10.4.

As actividades para o impulso da Formación Profesional Dual poderán ser cofinanciadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional de conformidade coa normativa nacional vixente e, se é o caso, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, no marco do obxectivo número 10 “investir na educación, formación e formación profesional para adquisición de capacidades e unha aprendizaxe

permanente”

A Consellería de Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional presenta a oferta de ciclos formativos polo réxime para as persoas adultas, de xeito parcial por módulos, consciente de que esta modalidade facilita a cualificación profesional, xa que ofrece a posibilidade de abordar a realización dun ciclo formativo con máis flexibilidade, e permite dar resposta ás demandas que suscitan o mercado laboral e os colectivos específicos.

Para unha resposta máis axeitada aos cambios que se produzan, é aconsellable que a autorización dos ciclos formativos de xeito modular se realice para cada ano académico.

De acordo coas competencias que ten conferidas esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a

DISPOÑO:

Artigo 1. Actualización da oferta

Actualízase a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2020-2021.

Artigo 2. Número mínimo de solicitudes

Na modalidade presencial, exíxese un mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas de primeira opción por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos módulos profesionais de grao medio ou grao superior, no prazo ordinario de presentación de solicitudes. Na modalidade semipresencial e a distancia a autorización quedará condicionada a que exista un número mínimo de vinte solicitudes de matrícula no módulo correspondente. Un número menor de solicitudes require a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento esta ensinanza, e mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar matrícula ningunha. A condición do número mínimo de solicitudes débeseles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa solicitude de admisión.

Disposición adicional primeira. Ordenación e proceso de admisión nos proxectos experimentais de formación profesional dual

Aos ciclos formativos autorizados no Anexo II desta orde derivados dos proxectos experimentais de formación profesional dual seralle de aplicación a ordenación e o proceso de admisión establecidos na Orde de 14 de xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades; coas seguintes excepcións:

1. O contido do artigo 2.a da dita orde, relativo aos requisitos das persoas solicitantes, modifícase e queda redactado como segue: “Ter dezoito anos ou cumprilos no ano natural de inicio do ciclo formativo”.
2. As datas relativas ao proceso de admisión para o curso 2020-2021 serán as establecidas para os proxectos de formación profesional dual dentro do calendario xeral de admisión a ciclos formativos de formación profesional publicado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Neste calendario estarán fixadas as datas de: prazo de solicitudes, publicación das listaxes de persoas solicitantes, períodos de reclamación, período de selección de alumnado pola entidade colaboradora, listaxe de persoas admitidas e en espera e datas de matrícula para as persoas seleccionadas.

Disposición adicional segunda. Ampliación da oferta do réxime de persoas adultas coas prazas vacantes no réxime ordinario

As prazas que resulten vacantes, logo de finalizadas as correspondentes fases de admisión e matrícula polo réxime ordinario, poderán ser ocupadas en réxime de persoas adultas. Para estes efectos, amplíase a oferta modular, polo réxime de persoas adultas, de ciclos formativos de formación profesional, en todos os centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan autorizada a oferta polo réxime ordinario para o ano académico 2020-2021.

Disposición adicional terceira. Módulo de Formación en centros de traballo

No caso do alumnado que teña pendente de superación unicamente o módulo de formación en centros de traballo e, se é o caso, o módulo de proxecto, entenderase a

presentación da solicitude como formalización de matrícula, para os efectos de tramitación dos correspondentes convenios para o desenvolvemento do devandito módulo.

Disposición adicional cuarta. *Acceso das persoas con título da ESO*

As persoas que obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria por aplicación do punto 4 da disposición final quinta da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (modificada polo artigo 1 do Real Decreto Lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa); accederán ás prazas dos ciclos formativos de grao medio reservadas para as persoas con título profesional básico nos procesos de admisión.

Disposición adicional quinta. *Cálculo da nota de acceso*

En tanto non teñan valor académico as avaliacións finais do título de educación secundaria obrigatoria establecidas na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, empregarase para o cálculo da nota de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional o establecido no parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 22 da orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízanse á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e á Secretaría Xeral Técnica para adoptar todos os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de xuño de 2020

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional
INSÍRASE NO DOG

Anexo

Ciclos formativos autorizados para o curso 2020-2021 polo réxime de persoas adultas

Modalidade Presencial

A Coruña

Oferta de ciclo completo, todos os módulos do ciclo

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
Coruña, A	15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	ZMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
			ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			ZMSAN01	Emerxencias sanitarias
			ZMSAN02	Farmacia e parafarmacia
			ZSSAN01	Audioloxía protésica
			ZSSAN08	Documentación e administración sanitarias
			ZSSSC01	Educación infantil
			ZSSAN09	Hixiene bucodental
			ZSSSC02	Integración social
			ZSSAN05	Laboratorio clínico e biomédico
	ZSSSC04	Mediación comunicativa		
	15027897	CIFP Paseo das Pontes	ZMHOT01	Cociña e gastronomía
	15024513	CIFP Someso	ZSTCP01	Patronaxe e moda
			ZMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles
			ZMIMP02	Peiteado e cosmética capilar
			ZMFME02	Soldadura e caldeiraría
15027770	IES A Sardiñeira	ZSIMP01	Estética integral e benestar	
		ZSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade	
15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	ZMADG01	Xestión administrativa	
		ZSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	
		ZSADG01	Administración e finanzas	
Ferrol	15021469	IES Leixa	ZMSAN01	Emerxencias sanitarias
Pontedeume	15025682	IES Fraga do Eume	ZMHOT01	Cociña e gastronomía
Santiago de Compostela	15016000	CIFP Compostela	ZMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
			ZMHOT01	Cociña e gastronomía
			ZSSSC01	Educación infantil
	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	ZSQUI01	Laboratorio de análise e de control de calidade
	15032391	CIFP Santiago	ZSAGA01	Xestión forestal e do medio natural
	15027058	IES As Fontiñas	ZMADG01	Xestión administrativa
			ZSADG01	Administración e finanzas
	15023466	IES Lamas de Abade	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
15021482	IES San Clemente	ZMSAN01	Emerxencias sanitarias	
		ZSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede	
			ZSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web

Oferta parcial de módulos dun ciclo

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	Código de módulo	Módulo
Boqueixón	15013254	CFEA de	ZMAGA01	Produción	MP0413	Comercialización de

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	Código de módulo	Módulo
		Sergude		agroecolóxica		produtos agroecolóxicos
					MP0415	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0412	Manexo sanitario do agrosistema
					MP0411	Produción gandeira ecolóxica
					MP0410	Produción vexetal ecolóxica
Cariño	15021755	IES Cabo Ortegal	ZMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	MP0223	Aplicacións ofimáticas
					MP0224	Sistemas operativos en rede
					MP0222	Sistemas operativos monoposto
Cedeira	15026376	IES Punta Candieira	ZSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	MP0523	Configuración de instalacións domóticas e automáticas
					MP0524	Configuración de instalacións eléctricas
					MP0522	Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación
					MP0519	Documentación técnica en instalacións eléctricas
					MP0528	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0521	Técnicas e procesos en instalacións domóticas e automáticas
					MP0602	Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas
			ZSIMA03	Mecatrónica industrial	MP0938	Elementos de máquinas
					MP0946	Formación e orientación laboral
					MP0939	Procesos de fabricación
					MP0940	Representación gráfica de sistemas mecatrónicos
					MP0944	Simulación de sistemas mecatrónicos
					MP0935	Sistemas mecánicos
Coruña, A	15027800	CIFP Imaxe e Son	ZSIMS01	Produción de audiovisuais e espectáculos	MP0923	Formación e orientación laboral
					MP0915	Planificación de proxectos audiovisuais
					MP0916	Xestión de proxectos de cine, vídeo e multimedia
			ZSIMS02	Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	MP0912	Formación e orientación laboral
					MP0904	Planificación da realización en televisión
					MP0905	Procesos de realización en televisión
					MP0907	Realización da montaxe e posproducción de audiovisuais
			ZSIMS03	Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	MP1091	Desenvolvemento de contornos interactivos multidispositivo
					MP1094	Formación e orientación laboral
					MP1089	Proxectos de xogos e contornos interactivos
					MP1090	Realización de proxectos multimedia interactivos
			ZSIMS04	Son para audiovisuais e espectáculos	MP1104	Comunicación e expresión sonora
					MP1103	Electroacústica
					MP1106	Formación e orientación laboral
					MP1100	Gravación en estudio

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	Código de módulo	Módulo
			ZSIMS05	Iluminación, captación e tratamento de imaxe	MP1169	Formación e orientación laboral
					MP1167	Gravación e edición de reportaxes audiovisuais
					MP1158	Planificación de cámara en audiovisuais
					MP1159	Toma de imaxe audiovisual
	15027897	CIFP Paseo das Pontes	ZSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	MP0174	Dirección de aloxamentos turísticos
					MP0171	Estrutura do mercado turístico
					MP0182	Formación e orientación laboral
					MP0179	Inglés
					MP0176	Recepción e reservas
			ZSTCP03	Vestuario á medida e de espectáculos	MPI003	Lingua estranxeira profesional I
					MPI004	Lingua estranxeira profesional II
					MP0276	Materiais en téxtil, confección e pel
					MP0589	Moda e tendencias no vestir
					MP0587	Vestuario de espectáculos
					MP0588	Xastraría clásica
					MP0586	Xestión de recursos de vestuario á medida
	15024513	CIFP Someso	ZMEOC01	Construción	MP0995	Construción
					MP1004	Cubricións
					MP0997	Fábricas
					MP1000	Formigón armado
					MP1005	Impermeabilizacións e illamentos
					MP0996	Interpretación de planos de construción
					MP1001	Organización de traballos de construción
			ZMMAM02	Instalación e amoblamento	MP0542	Control de almacén
					MP0782	Formación e orientación laboral
					MP0780	Instalación de carpintaría
					MP0781	Instalación de estruturas de madeira
					MP0779	Instalación de moblaxe
					MP0538	Materiais en carpintaría e moble
	15005269	IES Urbano Lugrís	ZMELE02	Instalacións de telecomunicacións	MP0359	Electrónica aplicada
					MP0360	Equipamentos microinformáticos
					MP0366	Formación e orientación laboral
					MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios
					MP0363	Instalacións de megafonía e sonorización
					MP0365	Instalacións de radiocomunicacións
					MP0362	Instalacións eléctricas básicas
			ZSELE04	Mantemento electrónico	MP1056	Mantemento de equipamentos de audio
					MP1055	Mantemento de equipamentos de electrónica industrial
					MP1053	Mantemento de equipamentos de radiocomunicacións
					MP1057	Mantemento de equipamentos de vídeo

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	Código de módulo	Módulo
Culleredo	15005749	IES Universidade Laboral	ZMIMA01	Instalacións frigoríficas e de climatización	MP0044	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0043	Formación e orientación laboral
					MP0038	Instalacións eléctricas e automatismos
					MP0036	Máquinas e equipamentos térmicos
					MP0040	Montaxe e mantemento de equipamentos de refrixeración comercial
					MP0042	Montaxe e mantemento de instalacións de climatización, ventilación e extracción
					MP0037	Técnicas de montaxe de instalacións
			ZMIMA02	Instalacións de produción de calor	MP0395	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0394	Formación e orientación laboral
					MP0038	Instalacións eléctricas e automatismos
					MP0036	Máquinas e equipamentos térmicos
					MP0302	Montaxe e mantemento de instalacións caloríficas
					MP0392	Montaxe e mantemento de instalacións de enerxía solar
					MP0393	Montaxe e mantemento de instalacións de gas e combustibles líquidos
MP0037	Técnicas de montaxe de instalacións					
Fene	15032081	IES de Fene	ZMIMA02	Instalacións de produción de calor	MP0266	Configuración de instalacións caloríficas
					MP0302	Montaxe e mantemento de instalacións caloríficas
					MP0310	Montaxe e mantemento de instalacións de auga
					MP0392	Montaxe e mantemento de instalacións de enerxía solar
					MP0393	Montaxe e mantemento de instalacións de gas e combustibles líquidos
			ZMIMA03	Mantemento electromecánico	MP0951	Electricidade e automatismos eléctricos
					MP0957	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0956	Formación e orientación laboral
					MP0955	Montaxe e mantemento de liñas automatizadas
					MP0953	Montaxe e mantemento mecánico
Ferrol	15006754	CIFP Ferrolterra	ZMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	MP0232	Automatismos industriais
					MP0233	Electrónica
					MP0242	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0241	Formación e orientación laboral
					MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios
					MP0236	Instalacións de distribución
					MP0238	Instalacións domóticas
					MP0239	Instalacións solares fotovoltaicas
MP0240	Máquinas eléctricas					

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	Código de módulo	Módulo		
			ZMFME02	Soldadura e caldeiraría	MP0097	Empresa e iniciativa emprendedora		
					MP0096	Formación e orientación laboral		
					MP0007	Interpretación gráfica		
					MP0095	Montaxe		
					MP0093	Soldadura en atmosfera natural		
					MP0094	Soldadura en atmosfera protexida		
			ZMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	MP0457	Circuitos eléctricos auxiliares do vehículo		
					MP0453	Sistemas auxiliares do motor		
					MP0455	Sistemas de transmisión e freada		
			ZSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	MP0523	Configuración de instalacións domóticas e automáticas		
					MP0524	Configuración de instalacións eléctricas		
					MP0528	Empresa e iniciativa emprendedora		
					MP0602	Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas		
			ZSENA01	Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	MP0350	Certificación enerxética de edificios		
					MP0354	Promoción do uso eficiente da enerxía e da auga		
					MP0353	Xestión da montaxe e o mantemento de instalacións solares térmicas		
			ZSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica	MP0169	Empresa e iniciativa emprendedora		
					MP0161	Fabricación asistida por computador (CAM)		
					MP0168	Formación e orientación laboral		
					MP0163	Programación da produción		
					MP0162	Programación de sistemas automáticos de fabricación mecánica		
					MP0166	Verificación de produtos		
					MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental		
			ZSFME02	Construcións metálicas	MP0251	Formación e orientación laboral		
					MP0248	Procesos de mecanizado, corte e conformación en construcións metálicas		
					MP0163	Programación da produción		
					MP0162	Programación de sistemas automáticos de fabricación mecánica		
					MP0245	Representación gráfica en fabricación mecánica		
					MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental		
			15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	ZMADG01	Xestión administrativa	MP0437	Comunicación empresarial e atención á clientela
							MP0446	Empresa na aula
							MP0156	Inglés
							MP0442	Operacións administrativas

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	Código de módulo	Módulo
						de recursos humanos
					MP0448	Operacións auxiliares de xestión de tesouraría
					MP0441	Técnica contable
					MP0440	Tratamento informático da información
			ZMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	MP0223	Aplicacións ofimáticas
					MP0221	Montaxe e mantemento de equipamentos
					MP0225	Redes locais
					MP0226	Seguridade informática
					MP0227	Servizos en rede
					MP0222	Sistemas operativos monoposto
			ZSADG01	Administración e finanzas	MP0651	Comunicación e atención á clientela
					MP0658	Formación e orientación laboral
					MP0179	Inglés
					MP0649	Ofimática e proceso da información
					MP0650	Proceso integral da actividade comercial
					MP0648	Recursos humanos e responsabilidade social corporativa
					MP0647	Xestión da documentación xurídica e empresarial
					MP0653	Xestión financeira
Pontedeume	15025682	IES Fraga do Eume	ZMHOT02	Servizos en restauración	MP0157	Formación e orientación laboral
					MP0151	Operacións básicas en restaurante
					MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos
					MP0155	Técnicas de comunicación en restauración
Ribeira	15014556	CIFP Coroso	ZMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	MP0234	Electrotecnia
					MP0235	Instalacións eléctricas interiores
			ZMIMA01	Instalacións frigoríficas e de climatización	MP0038	Instalacións eléctricas e automatismos
					MP0037	Técnicas de montaxe de instalacións
			ZMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	MP0454	Circuitos de fluídos, suspensión e dirección
					MP0452	Motores
					MP0455	Sistemas de transmisión e freada
Santiago de Compostela	15016000	CIFP Compostela	ZMHOT02	Servizos en restauración	MP0158	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0154	O viño e o seu servizo
					MP0045	Ofertas gastronómicas
					MP0152	Servizos en bar e cafetería
					MP0153	Servizos en restaurante e eventos especiais
			ZSHOT04	Dirección de cociña	MP0498	Elaboracións de pastelería e repostería en cociña
					MP0507	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0506	Formación e orientación laboral
					MP0504	Recursos humanos e dirección de equipos en restauración
					MP0503	Xestión administrativa e comercial en restauración
					MP0500	Xestión da produción en cociña
			ZSHOT05	Dirección de	MP0496	Control do

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	Código de módulo	Módulo
				servizos de restauración		aprovisionamento de materias primas
					MP0515	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0512	Planificación e dirección de servizos e eventos en restauración
					MP0504	Recursos humanos e dirección de equipos en restauración
					MP0180	Segunda lingua estranxeira
					MP0511	Sommelier
					MP0503	Xestión administrativa e comercial en restauración
	15015767	CIFP Politécnico de Santiago	ZMFME02	Soldadura e caldeiraría	MP0097	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP0006	Metroloxía e ensaios
					MP0093	Soldadura en atmosfera natural
			ZMMAM01	Carpintería e moble	MP0542	Control de almacén
					MP0548	Formación e orientación laboral
					MP0538	Materiais en carpintería e moble
					MP0540	Operacións básicas de carpintería
					MP0541	Operacións básicas de moblaxe
					MP0539	Solucións construtivas
		ZSTMV01	Automoción	MP0296	Estructuras do vehículo	
				MP0292	Sistemas de transmisión de forzas e trens de rodaxe	
				MP0295	Tratamento e recubrimento de superficies	
	15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	ZMIMS01	Vídeo disc-jockey e son	MP1302	Animación musical en vivo
					MP1303	Animación visual en vivo
					MP1300	Control, edición e mestura de son
					MP1306	Empresa e iniciativa emprendedora
					MP1301	Preparación de sesións de vídeo disc-jockey
	15023466	IES Lamas de Abade	ZSSAN05	Laboratorio clínico e biomédico	MP1371	Análise bioquímica
					MP1373	Microbioloxía clínica
					MP1374	Técnicas de análise hematolóxica
					MP1372	Técnicas de inmunodiagnóstico

Lugo

Oferta de ciclo completo, todos os módulos do ciclo

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
Burela	27013958	IES Monte Castelo	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
Lugo	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	ZM19001	Coidados auxiliares de enfermaría
			ZMSAN01	Emerxencias sanitarias
			ZSSSC01	Educación infantil
	27015773	IES Muralla Romana	ZSIFC01	Administración de sistemas informáticos en rede
			ZSADG01	Administración e finanzas
			ZSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web
Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	ZMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
Sarria	27012036	IES Gregorio Fernández	ZSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
Xove	27016625	IES Illa de Sarón	ZSFME04	Programación da produción en moldeamento

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo
				de metais e polímeros

Oferta parcial de módulos dun ciclo

Concello	Código de centro	Centro	Código de ciclo	Ciclo	Código de módulo	Módulo				
Foz	27020562	IES de Foz	ZMHOT01	Cociña e gastronomía	MP0049	Formación e orientación laboral				
					MP0026	Procesos básicos de pastelería e repostería				
					MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos				
					MP0028	Sobremesas en restauración				
Lugo	27006528	CIFP As Mercedes	ZMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	MP0457	Circuitos eléctricos auxiliares do vehículo				
					MP0460	Empresa e iniciativa emprendedora				
					MP0459	Formación e orientación laboral				
					MP0453	Sistemas auxiliares do motor				
	27006516	CIFP Politécnico de Lugo		ZMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	MP0242	Empresa e iniciativa emprendedora			
						MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios			
						MP0236	Instalacións de distribución			
						MP0238	Instalacións domóticas			
						MP0239	Instalacións solares fotovoltaicas			
						MP0240	Máquinas eléctricas			
						ZMMAM01	Carpintería e moble	MP0548	Formación e orientación laboral	
								MP0538	Materiais en carpintería e moble	
								MP0544	Mecanizado de madeira e derivados	
								MP0545	Mecanizado por control numérico en carpintería e moble	
	MP0546	Montaxe de carpintería e moble								
	MP0539	Solucións construtivas								
	27015773	IES Muralla Romana		ZMADG01	Xestión administrativa	MP0449	Formación e orientación laboral			
						MP0438	Operacións administrativas da compravenda			
						MP0448	Operacións auxiliares de xestión de tesouraría			
						MP0441	Técnica contable			
